

INFORMACIÓN BÁSICA 4º EPVeA

1. Obxectivos propios para Educación Plástica, Visual e Audiovisual

- Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- Coñecer o desenvolvemento da arte desde os seus inicios ata o momento actual, os principais movementos artísticos, a súa relación coa sociedade e feitos históricos coetáneos e o seu papel na historia.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual, afondando no vocabulario relativo á historia da arte e os seus diferentes movementos e técnicas artísticas.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
- Coñecer e empregar os diferentes sistemas de representación, especialmente o sistema cónico.
- Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.
- Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

2. Contidos, criterios de avaliación, estándares, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación...

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica							
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • e • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	1ª AVAL	2	-Ejercicios prácticos específicos de creatividade e experimentación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Leis da composición. • B1.3. Leis da 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas 	1ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Ejercicios prácticos específicos de composición. Experimentación. - Empleo das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
• n	composición: movemento, ritmo e liñas de forza. • B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.			- Compilación de material visual relacionado co tema	
			• EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.	1ª AVAL	2	- Análise de imaxes. - Debate e posta en común na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico teórico/práctico.	• CCEC
			• EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.	1ª AVAL	2	- Exercicios específicos de carácter práctico - Investigación e procura de exemplos semellantes. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema.	• CCEC
• b • c • e • g • n	• B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. • B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creacións propias. • B1.7. Iniciativa, creatividade e	• B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base dos obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	• EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	1ª AVAL	2	- Exercicios prácticos guiados e de experimentación persoal. - Análise de imaxes e composicións artísticas. - Debate na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Compilación de material visual relacionado co tema	• CCEC • CSIEE
			• EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-	1ª AVAL	2	- Exercicios prácticos guiados e de experimentación persoal. - Análise de imaxes e composicións artísticas. - Debate na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Compilación de material visual relacionado co tema	• CCEC • CSIEE • CAA • CD

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	autoesixencia no proceso de produción propio.		plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.				
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • e • g • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). • B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica á produción de proxectos persoais e de grupo. 	1ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicios prácticos guiados e de experimentación persoal. - Análise e posta en común. - Debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • d • f • l • n 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. • B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos 	1ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de imaxes e composicións artísticas. - Exame específico teórico/práctico 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	compositivos. • EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	1ª AVAL	2	- Análise de imaxes e composicións artísticas. - Realización de traballos teóricos/expositivos. - Exame específico teórico/práctico - Análise e posta en común. - Debate na aula.	• CSIEE • CCEC
Bloque 2. Debuxo técnico							
• b • f • g • n • o	• B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. • B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. • B2.3. Tanxencias e enlaces. • B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	• B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	• EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	2ª AVAL	2	- Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Debate na aula.	• CAA • CMCCT
			• EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	2ª AVAL	2	- Realización de exercicios de carácter teórico/práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico teórico/práctico - Relación dos elementos xeométricos coa súa visualización e presenza na contorna urbana.	• CAA • CMCCT
			• EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	2ª AVAL	2	- Realización de exercicios de carácter teórico/práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico teórico/práctico. - Relación dos elementos xeométricos coa súa visualización e presenza na contorna urbana.	• CAA • CMCCT
			• EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de	2ª AVAL	2	- Realización de exercicios de carácter teórico/práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema.	• CAA • CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.			- Exame específico teórico/práctico	
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • g • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. • B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. • B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. • B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. • B2.9. Perspectiva cónica central. • B2.10. Perspectiva cónica oblicua. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios de carácter práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico teórico/práctico - Test visuais de identificación e recoñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios de carácter práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico práctico 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios de carácter práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico práctico 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios de carácter práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Exame específico práctico 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. 						
<ul style="list-style-type: none"> b e i o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios de carácter práctico por ordenador (software específico) e mediante aplicacións web específicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do deseño							
<ul style="list-style-type: none"> a c d f h l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). B3. 2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Análise de imaxes e composicións artísticas, publicitarias, arquitectónicas, paisaxísticas, dos medios de comunicación e do contorno cotiá e urbana. - Posta en común e debate na aula. -Elaboración de traballos teórico/prácticos de carácter expositivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
				2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de imaxes e composicións artísticas, publicitarias, arquitectónicas, paisaxísticas, dos medios de comunicación e do contorno cotiá e urbana. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> c e g i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de produtos do deseño bi/tridimensionais. - Posta en común e debate na aula. - Test de identificación 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b e f i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	2ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicios específicos de carácter práctico. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Compilación de material visual relacionado co tema. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Compilación de material visual relacionado co tema - Análise teórico expositiva das imaxes corporativas de varias empresas - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios e propostas de carácter práctico empregando a planificación nun proxecto artístico e de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.				
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios e propostas prácticas específicas a desenvolver por ordenador e a través da rede. - Emprego da rede como fonte de documentación visual e de información. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exame teórico/práctico. Caso práctico. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia							
<ul style="list-style-type: none"> a h n ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Visionado e análise de fragmentos cinematográficos. - Posta en común e debate na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicios específicos de carácter teórico/práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	secuencia dunha película.				
<ul style="list-style-type: none"> e l n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Visionado e análise de fragmentos cinematográficos. - Posta en común e debate na aula. - Emprego das principais fontes de información recomendadas sobre o tema. - Proba/test de identificación de elemntos post visionado. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de imaxes. -Exercicios específicos de carácter práctico. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Análise de imaxes. - Posta en común e debate na aula 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> -Exercicios específicos de carácter práctico. Propostas do profesor e investigación personal. - Compilación de material visual relacionado co tema. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicio teórico/práctico. Fase de documentación-planificación-resolución-exposición. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo de Consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> - Exercicio teórico/práctico. Fase de documentación-planificación-resolución-exposición. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a c d f h n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	3ª AVAL	2	<ul style="list-style-type: none"> -Análise de imaxes publicitarias. - Posta en común e debate na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC

3. Criterios de avaliación e cualificación do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para este curso pode extraerse da táboa do apartado 4. Nesta se propoñen o grao mínimo de consecución necesario dos estándares de aprendizaxe e o mesmo tempo aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que ademáis de medir se se cumpren os mínimos esixibles permiten avaliar tamén a “cualidade de consecución dos mesmos”, e mesmo aportan outros valores que matizarán a nota final do alumno:

Teremos así unha dobre perspectiva na valoración do alumno/a.

Por un lado, se o alumno/a acada as competencias básicas co grao 2 (adquirido) en cada estandar , e por outro a valoración da “cualidade de consecución dese estandar” e doutros conceptos en tanto coñecementos, destrezas, actitudes, que se poñen en xogo en cada unha das propostas, exercicios, exames.

A cualificación numérica de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polos alumnos nos seguintes apartados, axustándose á ponderación seguinte:

Apartados	Observacións	Ponderación	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A			Probas escritas, orais ou multimedia (exames) Láminas e traballos realizados na aula ou na casa, individuais ou en grupo.	Cada proba realizada como instrumento avaliador (escrita, oral ou multimedia), que terá un carácter de control, valorarase da mesma maneira que calquera lámina ou traballo do alumno, de 0 a 10 puntos, podendo expresarse cunha aproximación máxima de 0,5 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas e traballos. Para que as probas escritas e orais fagan media nelas debe obterse unha puntuación mínima de 3 puntos. Cada nota parcial debe ser testemuña directa da consecución positiva dos estándares de aprendizaxe correspondentes e o grao de consecución dos mesmos.	80,00%
B			Rexistro de actitude e traballo na aula, do interese amosado pola materia, da participación nas sesións, do coidado do material propio e alleo, da limpeza e prontitude na entrega de tarefas, da relación cordial e respetuosa co resto do alumnado e co profesor.	Dado que este apartado supón unha puntuación de 2 sobre 10 na nota total recomendo a valoración de 0,5 puntos nos seguintes conceptos: - Traer sempre o material preciso a clase 0,5 puntos - Actitude de traballo diario atención e participación. 0,5 puntos - Prontitude na entrega das tarefas. 0,5 puntos. - Limpeza e coidado dos traballos propios e alleos. 0,5 puntos.	20,00%


- As recuperacións trimestrais da materia (se o alumno/a non aproba o trimestre) faránse, na 1º e 2ª avaliación, logo das datas da avaliación e periodos vacacionais que as acompañan. Na 3ª Avaliación, farase antes do remate desta. A nota final do alumno/a faise atendendo ó resultado da media aritmética das tres avaliacións.

- Se un alumno/a non aproba na convocatoria ordinaria de Xuño, deberá presentarse con toda a materia á unha proba específica na convocatoria extraordinaria de Setembro.

En Muxía a 15 de Setembro de 2017

O Xefe do Departamento de Artes Plásticas

David Creus Andrade

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping horizontal and vertical strokes, positioned to the right of the printed name.